

Documento	Expediente	Fecha
CONUI06Q	CON/6/2010	02-03-10 13:44

*Asunto*

Peche do Casco Histórico por sistema de lector de matrículas,  
incluída no FES 2010 - Prego Prescripciones Técnicas

## **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS: CONCURSO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS EN RUAS DE SAN FRANCISCO, PORTA FAXEIRA E ALGALIA DE ARRIBA NA ZONA MONUMENTAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **OBXECTO DO CONCURSO.-**

O Concello de Santiago convoca concurso público para o subministro e instalación de equipos e software necesario para o establecemento de un Sistema de Control de Accesos mediante lectura de matrículas e bolardos automáticos nas rúas de San Francisco, Porta Faxeira e Algalia de Arriba, co obxecto de ordenar e regular o tráfico de vehículos en estas zonas, de maneira que so residentes, operacións de carga e descarga, servizos de urxencia e autorizacións excepcionais podan acceder a ditas zonas.

O sistema disporá de circuítu pechado de televisión para a supervisión dos movementos xerados nos accesos e será xestionado por un PC provisto de software necesario para a xestión do sistema.

### **ELEMENTOS DO SISTEMA.-**

O sistema adoptado consiste na disposición dun equipo de lectura (Punto de Control) na entrada de Porta Faxeira e outros dous equipos de lectura na entrada e saída na Rúa San Francisco.

Estas obras consisten no subministro e instalación dunha cámara OCR B/N de lectura de matrículas, unha cámara de cor panorámica para captura de imaxes en infracción, un PC de control no acceso, un Servidor Central de Xestión de infraccións no Centro de Control, Software necesario, equipos de comunicación e obra civil.

Na Algalia de Arriba procederase ao subministro e instalación dun Terminal de Control de Acceso e Identificación por proximidade, un pivote pneumático automático, un sistema de visualización mediante cámara de burbulla, Software e equipos de comunicación necesarios.

O sistema componse principalmente dos seguintes elementos, detallados no Anexo I deste prego:

- Cámaras de lectura de matrículas con filtro de infravermellos en accesos.
- Cámaras de cor panorámica dixital en accesos.
- Estacións de traballo para control de accesos a zonas de tráfico restrinxido a través de cámaras: equipo composto por PC e software de Punto de Control.
- Armarios a pé de acceso composto por fontes de alimentación para os diferentes equipos, instalado en poste ou soporte de parede.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

- Servidor central de xestión de infraccións: formado por PC Workstation e Software para validación, proceso e emisión de boletíns de denuncias.
- Bolardos retráctiles e fixos no acceso á rúa de circulación restrinxida.
- Terminal de control, identificación e validación por proximidade, con central pneumática instalada na mesma porta, contando cos elementos de comunicación co usuario para a validación local e comunicación remota co centro de control.
- Bucles de inducción con dispositivos de seguridade, antes e despois dos elementos de bloqueo, detectando a presenza de vehículos na zona de peche.
- Centro de control: equipo encargado do goberno do sistema coas funcións de operador dos pisóns e semáforos, sinalador de horarios, programador do sistema de identificación coa lista de códigos recollida nunha base de datos e administrador das ordes directas.
- Outros elementos do sistema son: cámaras de control, liña de comunicación co centro de control por fibra óptica, elementos de protección, sinalización de obra, obra civil, sumidoiro, etc.

## **PRESTACIÓN DE SERVIZO.-**

### **3.1. Condicións xerais.**

- A prestación dos servizos obxecto deste concurso axustaranse ó disposto no presente Prego de Condicións Técnicas e no Prego de Condicións Administrativas, quedando os equipos totalmente instalados e funcionando.
- Correspóndelle ó Concello o control e dirección facultativa dos servizos obxecto deste concurso, quen ditará cantas disposicións considere pertinentes para a mellor prestación do servizo aínda cando non estean incluídas no contrato.
- O adxudicatario cumprirá o Real Decreto Lei 13 / 2009, de 20 de outubro, de creación del Fondo Estatal para o emprego e a sostenibilidade Local, a Resolución de 2 de novembro de 2009 e a normativa complementaria que lle resulte de aplicación.
- O adxudicatario estará obrigado a notificar o enderezo e teléfono das persoas responsables do servizo en cada momento.
- O contratista presentará garantía do fabricante dos equipos de conforme quedará obrigado ó subministro dos elementos e recambios necesarios para a prestación do servizo no período de garantía.
- A relación do persoal será exclusiva coa empresa que resulte adxudicataria.
- O adxudicatario estará obrigado á comunicación inmediata ó Concello das avarías que impidan o correcto funcionamento dos elementos.
- Disporá o adxudicatario dun pequeno taller de reparacións cos útiles e ferramentas suficientes, recurrido se fose necesario a talleres especializados de acreditada solvencia, e coa conformidade do Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

- Estudiaránse na oferta, as condicións que deben reunir os accesos para permitir á circulación de forma segura de vehículos de emerxencia, recollidas de basura, transporte público no seu caso, etc.
- Subscribirá póliza de seguro de responsabilidade civil, de contía a determinar, para responder dos danos que poidan orixinar a realización do obxecto do contrato.
- Facilitará á dirección facultativa e persoal municipal encargado, ó acceso a tódalas instalacións co obxecto de realizar os ensaios e análises que se xulguen necesarios para a comprobación do correcto funcionamento, sufragando o adxudicatario os gastos ocasionados.
- Disporá e facilitará ó concello de inventario das instalacións indicando en planos a Escala 1:500 a situación dos distintos elementos.
- O adxudicatario, dentro do prazo de garantía, presentará coa periodicidade que lle indique a dirección facultativa, partes e informes relativos ó desenvolvemento dos traballos, indicando: avarías, operacións de mantemento ordinario e preventivo, accidentes, incidencias, estatística de uso de elementos, etc.
- Os elementos e cámara a instalar na Porta da Algalia serán compatibles ou integrables cos subsistemas existentes na sala de control de tráfico e coas aplicacións informáticas.
- As modificacións que o adxudicatario realice para facer compatíbeis as instalacións co sistema que el utilice correrán pola súa conta. Non obstante todas as instalacións e compoñentes a utilizar adaptaranse os modelos actualmente instalados; procurando que todos os elementos sexan intercambiabes e do menor número de tipos posibles.
- Para elo o licitador deberá especificar na súa oferta as características, homoxeneidade e prestacións que aportan.
- A este fin o licitador demostrará explicitamente a absoluta compatibilidade dos sistemas que disporá para o contrato cos instalados en Santiago de Compostela: equipos, pezas, software, protocolos de comunicación, etc. resolvendo o adxudicatario pola súa conta as posibles incompatibilidades.
- O Concello poderá obrigar ao adxudicatario á realización das probas que considere oportunas para demostrar a compatibilidade, podendo solicitar si o estima preciso, probas prácticas consistentes na integración dun equipo durante quince días na rede actual de control de accesos.
- O custo das probas indicadas, será abonado polo contratista que resulte adxudicatario.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

### 3.2. Condicións do servizo.

- O material que proceda de reparacións debidas a accidentes, de non ser reclamado, quedará de propiedade do Concello, podendo ordenar ó contratista o seu depósito nos almacéns municipais, o que procederá á retirada e almacenaxe o seu cargo dos elementos afectados.
- Os elementos novos que se instalen en reparacións terán un período de garantía de 12 meses, incluíndose na relación dos elementos a manter, sendo os custos de mantemento a cargo do adxudicatario.
- O adxudicatario estará obrigado a realizar sen cargo para o Concello, os traballos que lle indique a dirección facultativa, tales como:
  - Modificacións programacións equipos, comunicándoo nun prazo máximo de dúas horas, toda vez realizada.
  - Traballos de comprobación ou revisión dos equipos, por consideralos oportunos para o seu funcionamento.
  - Retirada dos elementos nun prazo de 48 horas , incluíndo traballos de desmontase, almacenamento e nova instalación.

Pola situación á intemperie e polo risco que supón que parte das instalacións sexan facilmente accesibles ás persoas, será obrigación do adxudicatario dispor de instalación eléctrica cumprindo disposicións vixentes en cada momento, expresamente o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e as Instrucións complementarias.

### 3.3. Obras na vía pública.

- Sempre que sexa necesario executar exploracións nos pavimentos de vía pública, o contratista solicitará a correspondente licenza municipal, agás cando a urxencia da reparación o imposibilite, pero dando conta á dirección facultativa municipal.
- Se é necesaria a realización de obras na calzada, solicitará o oportuno permiso municipal de autorización, que deben de executarse cumprindo as condicións indicadas na Ordenanza Xeral de Circulación e Uso da Vía Pública, Normas de Sinalización do Ministerio de Fomento, e as que se fixen no permiso municipal, en relación entre outras, con horarios, datas, etc.
- Retiráranse tódolos materiais e escombros, sen deixar gabias abertas para evitar perigos ó tráfico rodado e peonil, ou instalaranse valados adecuados de protección no seu caso, sendo o adxudicatario o único responsable dos accidentes que puideran producirse polo incumprimento.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

- Previo a realización das obras o adxudicatario solicitará información dos servizos existentes as compañías subministradoras, non iniciando os traballos sen ter coñecemento deles.
- O contratista estará obrigado a reparar a súa costa todos os danos que se ocasionen nas redes de servizos e os seus elementos por motivo da execución das obras.
- Todas as actuacións que sexan executadas na vía pública, levarán consigo a instalación de:
  - 1) Sinalización e balizamento de acordo coa Norma de Sinalización de Obras 8.3 – I.C. e demais normas complementarias.
  - 2) Instalaranse valados para delimitar as zonas dos traballos, coas zonas de paso de peóns (ancho mínimo= 1m ) e de vehículos.
  - 3) Se fose necesaria a regulación do tráfico, esta será realizada polo persoal da empresa, dotado da sinalización, vestiario reflexivo e proteccións regulamentarias.

### **3.4.- Canalizacións, arquetas de rexistro e cimentacións.**

As canalizacións en beirarrúas constrúense con tubos de plástico ríxido (PVC) ou flexible corrugado de dobre parede con alma de polietileno de 110 mm. de diámetro, a unha profundidade mínima de 600 mm protexidos con area compactada ata uns 15 cm por encima da xeratriz das tuberías. Nas canalizacións que se realicen en beirarrúas deberá repoñerse o pavimento para restablecer as características iniciais das mesmas e asegurando unha perfecta impermeabilidade nas xuntas, realizando o corte dos bordos do pavimento con máquina rebarbadora de serra circular.

As canalizacións en calzadas constrúense con tubos de plástico ríxido (PVC) ou flexible corrugado de dobre parede con alma de polietileno de 110 mm. de diámetro, a unha profundidade mínima de 900 mm protexidos por unha capa de formigón de resistencia característica mínima de 200 kg / cm<sup>2</sup> e con árido 19/22. A reposición das gabias realizarase restablecendo o pavimento das calzadas ás súas características iniciais e logo de cortar os bordos das mesmas con máquina rebarbadora de serra circular.

Se non fose posible realizar as canalizacións nesas profundidades pola existencia de outros servizos, se poderán modificar estas previa autorización do Xefe da Sección de Circulación.

### **3.5. Outras obrigacións do contratista. Seguridade e Saúde.**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

- O adxudicatario deberá presentar dentro dos dez días seguintes á comunicación da adxudicación, o Plan de Seguridade e Saúde, para concretar as medidas de prevención a implantar de acordo co tipo de obras a executar e co procedemento utilizado polo adxudicatario, de acordo co ANEXO II deste Prego.
- Non se poderán iniciar os traballos sen a previa aprobación destes documentos.
- O adxudicatario nomeará Técnico de Seguridade e Saúde, e que será o encargado de elaborar, controlar e supervisar o mantemento dos equipos e instalacións de acordo co Plan de Seguridade e Saúde e ó R.D. 1627 / 97, demais normativa aplicable, Pregos de Condicións Técnico e Administrativo e ordenanzas Municipais de aplicación.
- Plan de seguridade e saúde.  
Dentro dos dez días seguintes á formalización do contrato, o adxudicatario deberá:
  - a) Propoñer a Administración para a súa designación como Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución do contrato, o técnico competente nesta materia que exercerá dita función.  
A persoa designada pola Administración, non terá ningunha relación laboral nin contractual coa Administración, sendo responsabilidade do contratista tanto a súa selección como o establecemento da relación que a vincule co contrato de obra e os gastos inherentes á prestación.
  - b) Presentar o Plan de Seguridade e Saúde.  
O Técnico de Seguridade e Saúde e o coordinador de Seguridade e Saúde terán a titulación e cualificación axeitada.
- Comezo dos traballos.  
Dentro dos quince días seguintes á formalización do contrato formalizarase a acta de inicio do servizo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, logo da notificación, acudir e firmar a correspondente acta, consonte o artigo 142 do TRLCAP.

#### **4. DURACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE GARANTIA.-**

A duración do subministro e instalación será de **DOUS (02) MESES**, sendo o prazo de garantía dun ano dende a recepción do subministro e da súa instalación.

#### **5. DESCRIPCIÓN XERAIS.-**

A continuación detállanse as descrições xerais dos distintos sistemas:

##### **Punto de control Local:**

Está composto por aqueles elementos que permitan realizar a captura das imaxes de todos e cada un dos vehículos que transiten pola vía obxecto de control, así como a súa posterior

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

lectura da placa de matrícula e comparación on-line cos vehículos autorizados incluídos na base de datos do punto de control.

Cada punto de control estará composto polos seguintes elementos:

#### **Cámara de Lectura de Matrículas:**

Cámara analóxica en B/N (formato PAL) con filtro IR (Infravermello) que permite ler caracteres alfanuméricos das placas de matrículas. A mesma carcasa que contén a cámara inclúe leds infravermellos que aportan iluminación IR necesaria para que a cámara de lectura de matrículas poida realizar a súa función, e dicir, durante a noite, o foco IR aporta a iluminación IR necesaria para o correcto funcionamento da cámara de lectura de matrículas.

#### **Cámara de cor panorámica:**

Cámara dixital de cor (Interface Firewire) que asociada á lectura da matrícula realizada pola cámara de lectura de matrículas permite identificar visualmente a marca, modelo e cor do vehículo detectado, así como permite identificar o punto de control.

#### **PC de Control:**

PC robustecido con procesador Intel Mobile ó Intel Core Dúo a 1,68 Ghz de Memoria RAM, 80Gb de disco duro, tarxeta de adquisición de sinal PAL de vídeo que xestiona 25 imaxes/segundo por cada un dos catro canles de entrada de vídeo. Sistema Operativo Windows XP Profesional e Base de Datos Microsoft SQL.

#### **Unidade de alimentación e estabilización:**

Subministra a corrente eléctrica necesaria a cada un das unidades comentadas anteriormente.

#### **Módulo de Software de Control de Acceso:**

Software instalado sobre PC de Control que permite realizar a lectura de matrículas, así como a comparación da matrícula lida con tódalas matrículas incluídas na base de datos con obxecto de definir si a matrícula lida se corresponde ou non con un vehículo autorizado. En caso de vehículo autorizado o sistema non realizará operación algunha; en caso contrario, o sistema almacena a seguinte información:

- Fotografía en cor que permitirá distinguir a marca, modelo e cor do vehículo detectado.
- Fotografía en B/N sobre a que o sistema detectou e recoñeceu a matrícula.
- Recorte da matrícula en B/N procedente da imaxe en B/N.
- Identificación do Punto de Control.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

- Data e hora da detección.
- Matrícula descodificada polo sistema de lectura de matrículas.

A información comentada é empacotada de forma que dende o instante ningún usuario descoñecido poida visualizar e modificar a información almacenada en disco.

De maneira adicional, o software instalado no Punto de Control permitirá a actualización da base de datos dos vehículos autorizados e incluso se permitirá o administrador do sistema dar de alta e baixa novos vehículos. Dita actualización realizarase dende a utilidade “Punto de Control” instalada na Sala de Tráfico da Policía Local.

Sistema de xestión de denuncias e sistema de xestión de vehículos “Punto de Control”.

A aplicación que permitirá realizar a xestión das denuncias detectadas no Punto de Control será realizada pola Policía Local e poderá xestionar denuncias procedentes do Sistema e denuncias procedentes do Punto de control.

A aplicación “Punto de Control” permitirá realizar as seguintes operacións:

- Xestión da base de datos de vehículos autorizados incluídos no punto de control asociado.
- Xestión de altas de novos vehículos autorizados.
- Xestión de baixas de vehículos incluídos na base de datos do punto de control.
- Xestión de tipos de vehículos autorizados (residentes, transporte público, ambulancias, servizo de recollida de residuos sólidos, ...)
- Xestión de programación horaria asignada a cada tipo de vehículo autorizado.

### **Terminal de Control e Identificación:**

Terminal de control de acceso en entrada e identificación por proximidade con central pneumática. Inclúe central pneumática, servidor de fonía e vídeo, lector de tarxetas sen contacto, antena de lector TSC, módulo CPU + Fonte de alimentación + entradas dixitais, Módulo de intermitencia e 2 detectores magnéticos.

### **Pivote pneumático automático:**

Pivote pneumático en aceiro inoxidable ou similar, con tapa redonda. Diámetro 220mm, altura 500mm., espesor 8mm. Inclúe coroa de leds de luz fría. Fresado e con banda refléctante.

### **Pivote extraíble:**



Documento	Expediente	Fecha
CONUI06Q	CON/6/2010	02-03-10 13:44

Pivote extraíble en aceiro inoxidable ou similar, con tapa redonda. Diámetro 220mm, altura 500mm., espesor 8mm. Inclúe coroa de leds de luz fría. Fresado e con banda refléctante.

## 6. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPOS.-

A continuación detállanse as características técnicas dos distintos equipos:

### Cámara de Lectura de Matrículas:

#### Especificacións mecánicas:

- Material:.....Aluminio anodizado
- Lonxitude (sen viseira):.....150 mm.
- Diámetro (sen viseira):.....100 mm.
- Peso: .....1,1 Kg
- Nivel de protección: .....IP-67

#### Especificacións medio ambientais:

- Temperatura de operación:.....-10°C a +60°C
- Temperatura almacenamento:.....-20°C a +75°C
- Humidade relativa: .....0% hasta 100%

#### Especificacións eléctricas:

- Alimentación: .....dende 9 VDC  $\pm$  1 V / 2.5 W

#### Especificacións ópticas:

- CCD:..... 1/4" super ExView CCD
- Pixels:..... PAL: 440 000
- Standard:..... 50 Hz, CCIR
- Resolución horizontal:.....  $\geq$  500 liñas
- Resolución vertical:.....  $\geq$  450 liñas
- Sensibilidade a 25 imaxes / segundo: .....  $\leq$  0,12 lux con F.1,4
- Zoom óptico: ..... x18: F = 4,1 a F=73,8 mm.
- Zoom dixital:.....  $\leq$  x12
- Auto Iris: .....dende F.1,4 hasta F.22
- Ángulo horizontal: ..... 2,8º hasta 48º
- Ángulo vertical:..... 2º hasta 37º
- Distancia focal:.....35 mm. e 800 mm.
- Relación sinal/ruído:.....  $\geq$  49 dB
- Shutter electrónico: .....1/50 hasta 1/10.000 seg. en 16 pasos
- Ganancia:..... Automática dende -3 hasta 28 dB

### Cámara de cor panorámica:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

A cámara de cor dixital (con interface firewire) permite capturar imaxes en cor de 2 Mega Pixels. A cámara está sincronizada coa cámara de lectura de matrículas con obxecto de obter unha imaxe cor que se asociará o rexistro da matrícula, rúa e número. De esta forma, poderase identificar facilmente a infracción do vehículo identificado.

Especificacións mecánicas:

- Material: ..... Aluminio anodizado
- Lonxitude (sen viseira): ..... 179mm
- Diámetro (sen viseira): ..... 80mm
- Peso: ..... 0,90 Kg
- Nivel de protección: ..... IP-67

Especificacións medio ambientais:

- Temperatura de operación: ..... -10°C a +60°C
- Temperatura almacenamento: ..... -20°C a +75°C
- Humidade relativa: ..... 0% hasta 100%

Especificacións eléctricas:

- Alimentación: ..... dende 9 VDC  $\pm$  1 V / 2.5 W

Especificacións ópticas:

- CCD: ..... 1/2" progressive scan CCD
- Pixels: ..... 1.388 (H) x 1.038 (V) para 1,4 Mpixel
- Píxel size: ..... 4,65  $\mu$ m (H) x 4,65  $\mu$ m (V)
- Estándar: ..... IEEE1394a
- Vídeo output: ..... YUV 4:2:2, 16 bits por píxel
- Resolución horizontal: .....  $\geq$  600 líneas
- Sensibilidade a 11,3 imaxes/seg.: .....  $\leq$  30 mlux
- o Adaptador de lentes: ..... Montura tipo C.

**PC de Control:**

PC de Control está baseado nun PC robustecido e deseñado para instalacións móbiles.

A continuación detállanse as características técnicas mínimas:

- Procesador: ..... hasta 2 GHz
- Memoria: ..... 1 Gbyte
- Baías de expansión: ... 2 x PCI, 2 x PCMCIA, 1 x Compact Flash Tipo II
- Disco duro: ..... 40 Gbytes, 2,5" Slim
- Porto Serie: ..... 3 x RS-232; 1 x RS232/422/485
- USB: ..... 4 x USB 2.0
- Tensión de alimentación: ..... 9 VDC hasta 30 VDC
- Sistema operativo: ..... Microsoft Windows XP Profesional
- Dimensións: ..... 214 x 117,5 x 237,8 (mm.) (Ancho x Alto x Fondo)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

- Peso neto:..... 6,21 Kg
- Temperatura de operación:..... -15°C hasta 50°C
- Vibración: ..... 5 grms. / 5: 500 Hz
- Shock: ..... aceleración de 50 g de pido durante 11 mseg.
- EMC: ..... CE/FCC clase B, UL

O PC de Control incorpora unha tarxeta de entrada de vídeo analóxico que garanta procesado de 25 imaxes por segundo en cada unha das 4 entradas de vídeo. A esta tarxeta se conectan os sinais de vídeo procedentes da cámara de lectura de matrículas e da cámara de cor panorámica.

### Sistema de recoñecemento de matrículas:

O Sistema de recoñecemento de matrículas utiliza 6 procesos para identificar unha matrícula:

1. Localización da matrícula, responsable de encontrar e aillar a matrícula na imaxe.
2. Orientación da matrícula e tamaño, compensa a oblicuidade da matrícula e axusta as dimensións ao tamaño requirido.
3. Normalización, axusta o brillo e o contraste da imaxe.
4. Segmentación do carácter, encontra os caracteres individuais nas matrículas.
5. Recoñecemento óptico de caracteres.
6. Procesamento de matrículas segundo a sintaxes seleccionada.

O software debe ser capaz de afrontar diferentes casuísticas:

- Resolución de imaxe pobre, a miúdo porque a matrícula está demasiado lonxe.
- Imaxes desenfocadas, en particular desenfoco de movemento e moi a miúdo en unidades móbiles.
- Iluminación pobre e baixo contraste debido a sobreexposición, reflexión ou sombras.
- Un obxecto que escurece (parte de) la matrícula, a miúdo una barra del remolque, ou sucidade na matrícula.

Unha cámara que utiliza imaxe infravermella (cun filtro normal de cor sobre a lente e unha fonte luminosa infravermella ao lado de ela) beneficia en gran medida, reflexándose as ondas infravermellas dende a matrícula.

Sen embargo, esto solo e posible en cámaras ANPR dedicadas, polo que as cámaras usadas para outros propósitos deben confiar en maior medida nas capacidades do software. Ádemas, cando se necesita unha imaxe a todo cor e a captación de detalles e necesaria se debe instalar unha cámara con iluminación infravermella e unha cámara (en cor) funcionando conxuntamente.

Para evitar a obtención de imaxes movidas, e ideal configurar a velocidade de obturación da cámara a 1/1.000 segundos. Debido a que o vehículo está en movemento, o uso de velocidades de obturación máis reducidas podería dar lugar a una imaxe demasiado

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI06Q	<i>Expediente</i> CON/6/2010	<i>Fecha</i> 02-03-10 13:44

borrosa para ser lida co software de recoñecemento de matrículas, especialmente si a cámara está nunha posición moito mais alta que o vehículo. Cando o tránsito é lento ou cando a cámara fotográfica está a unha altura inferior e o vehículo está nun ángulo de aproximación á cámara, non é necesario que a velocidade do obturador sexa tan alta.

### **Sistema de acceso restrinxido mediante bolardos:**

O control de acceso de vehículos a unha zona restrinxida planease en base a un conxunto de semáforo e piona retráctil, o bolardo, situada no punto medio de un acceso de vehículos, de forma que o semáforo indique a prohibición ou permiso de acceso a la zona e a piona o impida ou o facilite respectivamente.

O bolardo disporá de un sistema de seguridade e un sistema de baixada de emerxencia.

A porta instalada para o control de accesos de vehículos na Algalia de Arriba, deberá centralizarse para o seu goberno desde o centro de control.

Cando o sistema detecta un vehículo, comproba si este ten o acceso autorizado buscando un contrato en vigor que permita o acceso por esa porta nese momento.

No centro de control os operadores atenden as chamadas dos usuarios que soliciten acceso pero no dispoñan de acreditación. Os operadores teñen a facultade de autorizar ou denegar o acceso solicitado.

Nas inmediacións da porta abícase unha cámara de TV para poder supervisar de forma remota calquera manobra.

Os posibles modos de funcionamento de unha porta desde el punto de vista del centro de control son:

**Acceso libre:** o bolardo está sempre baixado. Permítese o acceso libre a todos os vehículos.

**Acceso restrinxido:** o bolardo está normalmente subido e so da paso a vehículos autorizados (que dispoñan da tarxeta ou sexan autorizados manualmente polos operadores).

**Acceso pechado:** en determinadas ocasións e portas, excepcionalmente, non se autoriza o paso a ningunha solicitude realizada por tarxeta, considerándose entón que o acceso está pechado.

Unha porta está normalmente en acceso restrinxido ou en acceso libre.

Os estados anteriores rexen segundo táboas horarias salvo orden expresa do operador do centro que pode forzar calquera delas en calquera momento, tanto por zonas como por portas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
